



Ourense, 1 de febreiro de 2024

**XUIZ UNICO FEGAN**  
**ACTA Nº 2/ TEMP 2023-2024.**  
**RESOLUCION**

**Competición: LIGA GALEGA CADETE MIXTA**

**Equipos participantes: C.W. CORUÑA RÍAS ALTAS - C.W. LUGO**

Data de celebración: 21/1/24 15:45 C.D.M. SAN DIEGO (C)

**FEITOS:**

O día 24/1/24 foi remitido a este Xuíz único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos:

*"Ao final do intervalo entre o segundo e terceiro período amósaselle tarxeta amarela ao equipo visitante, C. W. Lugo, por demorar de xeito reiterado a súa colocación ao inicio de cada período."*

O mesmo día 24 deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN), sen que ningunha alegación fora presentada.

**CONSIDERANDO**

- I. Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada; a maior abundamento non se fixeron alegacións.
- II. Os feitos como constitutivos de infracción leve do art.7. I. 2. A: *A lixeira incorrección no comportamento en probas ou período de concentración dos equipos galegos.*
- III. As sancións que se poden impoñer ós clubs, con base no artigo 8 son:
  - a) *Perda ou descenso de categoría ou división.*
  - b) *Perda de puntos ou postos na clasificación.*
  - c) *Clausura do recinto deportivo.*
  - d) *Perda do encontro ou eliminatoria.*
  - e) *Multa.*
  - f) *Inhabilitación para a participación e a/as tempada/s seguintes/s.*
  - g) *Exclusión da competición.*
- IV. *As sancións que se contemplan para infraccións leves no 9.3, aplicables a clubs, son: Multa de ata 300€.*

**RESOLVE**

Sancionar o **C.W. LUGO** cunha **MULTA** de **CENTO CINCUENTA EUROS (150€)**

José Antonio Nóvoa  
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623



NOMBRE NOVOA  
FERNANDEZ JOSE  
ANTONIO - NIF  
44494421R

**Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN**  
*Firmado dixitalmente*